


Os corredores fluviais presentan importantes valores naturais, culturais e económicos. O obxectivo do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do seu estado de conservación en 9 espazos da Rede Natura 2000. Desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en 5 concas fluviais do Noroeste ibérico, onde especies invasoras, intensificación de usos ou problemas fitosanitarios poden causar deterioración e fragmentación de hábitats. Na conca do río Eo, actúa nos municipios galegos de Ribeira de Piquín, Meira, A Pontenova, Trabada e Ribadeo e nos asturianos de San Tirso de Abres, Vegadeo e Castropol.



O río Eo: Ribeira de Piquín

Ao seu paso polo concello de Ribeira de Piquín o río Eo suaviza lixeiramente o seu pendente e discorre praticamente encaixado en case todo o seu percorrido.

O bosque de ribeira, hábitat prioritario da Unión Europea (91E0*), atópase en gran parte ben conformado neste tramo. Podemos atopar especies características como amieiros (*Alnus glutinosa*), freixos (*Fraxinus excelsior*) ou salgueiros (*Salix atrocinerea* e *Salix fragilis*). As actuacións do LIFE Fluvial centráronse no control das principais ameazas e presións que sofre este hábitat



Para completar a restauración plantáronse especies propias do bosque de ribeira, case 1700 salgueiros negros (*Salix atrocinerea*), loureiros (*Laurus nobilis*), avelairas (*Corylus avellana*) e pradairos (*Acer pseudoplatanus*)



Retiráronse especies exóticas arbóreas (eucalipto, *Eucalyptus globulus* e chopo, *Populus × canadensis*), e de menor porte como crocosmia (*Crocosmia × crocosmiiflora*) e o lameirón (*Prunus laurocerasus*). Desenvolvéreronse accións de voluntariado para a eliminación manual de herbáceas invasoras

